

## **BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2024.**

A presente liña de axudas insírese dentro das previsións reflectidas no Plan Estratéxico da Deputación de Lugo 2023–2025, liña 14.1 da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, co obxectivo de promover e fomentar a realización de actividades de interese cultural, a través do apoio á participación das entidades asociativas culturais da provincia de Lugo.

E de acordo, por tanto, ao previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, e dentro da Liña 14.1 Cultura, búscase promover os obxectivos específicos que se relacionan a continuación:

- 1) Apoiar as entidades culturais da provincia, que son referente na integración social e na difusión cultural e de recuperación de tradicións.
- 2) Axudar ao desenvolvemento de actividades de interese cultural de carácter permanente e puntual.
- 3) O aumento da participación da mocidade nas actividades culturais e no asociacionismo de carácter cultural: fomento da relación interxeneracional.
- 4) Conservar e potenciar o coñecemento do patrimonio material e inmaterial de Galiza, a súa historia, idioma, música e tradicións como eixe das actividades culturais da provincia.
- 7) Promover a organización de actividades e eventos culturais.
- 8) Fomentar a participación do cidadán nas actividades culturais e no tecido asociativo de carácter cultural.
- 9) Acadar unha potenciación do patrimonio material e inmaterial de Galiza, a súa historia, idioma, música e tradicións como eixo das actividades culturais da provincia.
- 10) Desenvolver actuacións que permitan a accesibilidade da poboación ás actividades culturais con carácter continuado.
- 11) Acadar unha maior participación e implicación da poboación na actividade cultural co obxecto de transmitir ás vindeiras xeracións os usos, costumes e tradicións devanceiras.

### **1.-DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrència competitiva destinadas a entidades asociativas de carácter cultural –con sede e/ou delegación social na provincia de Lugo– para a realización de actividades culturais na anualidade de 2024, sendo o seu obxectivo a promoción e maila dinamización cultural ( promoción da historia, da música, das tradicións de Galiza e o uso do idioma galego).

#### **Ademáis teranse en conta as seguintes consideracións:**

- Non se subvencionarán:
  - Aqueles proxectos que se leven a cabo fóra do ámbito territorial da provincia Lugo nos que os beneficiarios non formen parte do conxunto demográfico lucense, (aínda

que estean integrados nunha programación global e organizados por unha asociación que teña a súa sede social na provincia de Lugo).

- Aqueles proxectos de carácter deportivo, relixioso, político, militar e– en xeral que sexan corporativas restritivas, dado que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións culturais para a poboación en xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións ou colectivos abertos á poboación xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto)
- **De igual xeito, e cando menos, o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.**
- **Réxime da convocatoria:**
  - As subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024 teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularase na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades artísticas, recreativas e de entretemento (código sector económico R). Esta axuda ten unha finalidade de promoción cultural (código finalidade 11), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).
    - Estes códigos refírense á información para a base de datos nacional de subvencións.

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>.

## **2.–.GASTOS SUBVENCIONABLES**

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e de conformidade co disposto no artigo 33 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo (BOP núm.09 de 11/01/2024), enténdese por gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen na anualidade 2024.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por orzamento financiable o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria da axuda pública segundo os gastos subvencionables definidos nesta convocatoria.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

**GASTOS FINANCIABLES** (estes gastos non poderán ser obxecto de axudas por outro programa/convocatoria/subvención da Deputación na anualidade 2024):

- **Gastos de persoal con contrato laboral** coa entidade solicitante preciso para a realización e desenvolvemento da actividade obxecto de subvención e durante a duración da mesma.
  - **Gastos de seguros exclusivamente para a realización da actividade** para a que solicitan axuda: responsabilidade civil e, se fose o caso- de cobertura de accidentes da actividade
  - **Gasto de transporte-** para a realización de viaxes culturais: os gastos de transporte serán subvencionables no caso de ter contratado a un terceiro (autocar) e sempre que o gasto de transporte leve asociado unha visita cultural con documento xustificativo/factura que acredite que se realizaron actividades culturais na propia viaxe (visitas a museos, conxuntos patrimoniais,...). O documento acreditativo deberá estar asinado por profesional competente (guía oficial de turismo, xerente ou persoal responsable dun museo, conxunto patrimonial, mosteiro, igrexa...). No caso de que este documento acreditativo da visita cultural, non este asinado polo persoal indicado carecerá de valor probatorio para a xustificación da actividade.
  - **Gastos de publicidade da actividade** para a que se solicita subvención: cartelaría, publicidade, redes sociais, etc... sempre relacionados coa actividade subvencionada
  - **Gastos de alugueiro de megafonía, son, iluminación e aluguer de infraestruturas imprescindibles e necesarias para o desenvolvemento da actividade** cultural para a que se solicita axuda, debidamente acreditados.
  - **Gastos de agasallos** (trofeos, medallas, agasallos de cerámica popular, libros e /ou dispositivos electrónicos de pequeno formato) destinados directamente e expresamente para o desenvolvemento da actividade e que sexan necesarios e imprescindibles para a realización da mesma.
  - **Gastos para o desenvolvemento de actuacións culturais:** suministros non inventariables necesarios para a realización da actividade (textidos, madeira, etc...), agás o material de oficina (folios, tinta impresora, etc...), monitores/instrutores das actividades e actuacións de carácter cultural.
  - **Gastos de cursos, charlas e obradoiros de natureza cultural** (honorarios e quilometraxe)
  - **Gastos de organización:** empresas organizadoras de **actividades culturais**, agás en celebracións de fin de curso.
- \* **Quedan excluídas desta convocatoria os gastos de:**

- Aloxamento, hostalería, comidas e restauración.
- Os gastos para as viaxes culturais que non leven incorporada unha actividade cultural complementaria, acreditándoa a través de documento acreditativo de realización da visita cultural, expedido polo profesional competente indicado anteriormente.
- Quedan excluídas desta convocatoria os gastos para o desenvolvemento de festas patronais, romarías e eventos relixiosos en xeral
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos de inversión ou por compra de material inventariable.
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos correntes para actividades de terapia ocupacional, familiar e de benestar social (técnicas relaxación, obradoiros de prantas medicinais, elaboracións de xabóns, cremas e outros similares, etc...).
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos correntes para a actividade extraescolar de inglés.
- Quedan expresamente excluídos desta convocatoria os gastos correntes para a celebración de festas de fin de curso (xogos hinchables, xogos deportivos, xogos culturais,

monitores deportivos, monitores culturais, globoflexia, a compra e colocación de globos e demais ornamentos festivos, pulseiras identificativas, etc...).

- Quedan excluídas desta convocatoria as actividades culturais que consistan na emisión online, mediante plataforma dixital ou similar.

- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as axudas e os gastos para a promoción, fomento e difusión da artesanía, segundo as consideracións “para actividades artesanais” recollidas na Orde do 12 de abril de 2017 pola que se revisa a relación de actividades artesanais recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 79, de 25 de abril de 2017). En consecuencia, non se subvencionarán as accións e actividades artesanais recollidas na referida Orde, de acordo coas divisións e denominacións reflectidas na citada orde.

▪ De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actividades e actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente - contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

▪ Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

- **Non existirá a posibilidade de efectuar pagos anticipados nin ingresos a conta das subvencións concedidas.**

### 3.- REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR OS BENEFICIARIOS

As entidades beneficiarias receptoras da subvención terán os dereitos e obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 9, da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, e en todo caso:

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades culturais que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nestas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases, se atope na situación que llexitima a súa concesión.

\* **En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións culturais (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.**

\* Así mesmo quedan expresamente excluídas desta convocatoria aquelas asociacións culturais que teñan no orzamento da Deputación de Lugo da anualidade 2024 unha subvención nominativa destinada para a mesma actividade

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, quen concorra nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Que fose condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Que solicitase a declaración de concurso voluntario, fose declarado insolvente en calquera procedemento, se atope declarado en concurso, agás que este adquirise a eficacia dun convenio, estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei Concursal sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Que dese lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 3 /2015 de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou por se tratar de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5 / 1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

f) Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente do pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

h) Que fose sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a esta ou a outras leis que así o establezan.

i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.

k) Atoparse nalgún dos supostos que impidan a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9//2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

**Así mesmo, en ningún caso poderán acceder á condición de beneficiario cando teñan pendentes de xustificación subvencións outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación rematase.**

### **3.a- Obrigas dos beneficiarios**

a) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Acreditar ante a Excm. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Excm. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os

órganos de control competentes, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar á Deputación Provincial a obtención de subvencións/axudas ou patrocinios (sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Comunicar, no seu caso, a solicitude de declaración de concurso voluntario, de declaración de insolvente en calquera procedemento, e declaración en concurso, e no seu caso da sentenza de eficacia dun convenio, ou se estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

f) Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. Dita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. Non en tanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.

i) Os perceptores da subvención poderán subcontratar ata o 100% do importe das actividades obxecto da mesma e, de acordo co artigo 29 da LXS.

j) Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da área de Cultura da Excma. Deputación de Lugo e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que –ao uso– utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.

k) De igual xeito establécese que, cando menos o 5% do custo total da actuación subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

l) En caso de solicitar subvención para actividades culturais nas que participen menores de idade, as entidades asociativas culturais solicitantes asumen a responsabilidade de que todo o persoal ao que lle corresponde a realización das actividades (incluído o voluntario), cumpra co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

### **3.b– Protección de datos de carácter persoal**

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE;

aspectos desenvolto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente para a xestión e tramitación do expediente correspondente.

#### **4.- CARÁCTER DA SUBVENCIÓN**

As subvencións –que se concedan segundo as presentes bases canalizadoras da convocatoria e de acordo co Plan Estratéxico de Subvencións (plan plurianual 2023–2025) para a Excma. Deputación Provincial de Lugo (actualización para o ano 2024, Anexo I, sobre liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 12 de xaneiro de 2024), terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2024, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

#### **5.- ORZAMENTO**

A cantidade destinada para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024 será de douscentos cincuenta e cinco mil euros (255.000,00 €) con cargo á aplicación 3340/48900 do orzamento do ano 2024, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións desta Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023–2025), encadrado na liña de actuación 14.1 da Área de Cultura, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 20 de xaneiro de 2023 (actualización para o ano 2024, mediante o Anexo I, sobre liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 12 de xaneiro de 2024).

As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada, máis os fondos propios, non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento. Nese caso poderanse compatibilizar ata a contía do devandito orzamento.

#### **6.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES**

O **servizo** de Cultura será o encargado de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e o Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de Avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

\* Para a concesión das subvencións teranse en conta os seguintes **CRITERIOS DE VALORACIÓN tendo en conta unha metodoloxía comparativa:**

CRITERIOS	VALORACIÓN
-Calidade e interese do proxecto desde o punto de vista cultural, patrimonial e etnográfico.	*Alto: 5 puntos *Medio: 3 puntos *Baixo: 1 puntos -
- Carácter/ natureza da acción	* Actividade de carácter/natureza xenérica: 5 puntos. * Actividade de carácter/natureza singular: 10 puntos.
- Criterios de valoración social, segundo os valores que se difundan e/ou transmitan.	*Actividades que fomenten a igualdade de xénero: 10 puntos  *Actividades que fomenten a integración de persoas con capacidades diferentes: 10 puntos.  * Actividades que fomenten valores interxeneracionais: 10 puntos.
-Grao de dispersión territorial e poboacional	*Entidades culturais beneficiarias de concellos de ata 2.000 habitantes: 15 puntos.  * Entidades culturais beneficiarias de concellos de 2.001 a 4.000 habitantes: 10 puntos.  *Entidades culturais beneficiarias de concellos de 4.001 a 8.000 habitantes: 8 puntos.  *Entidades culturais beneficiarias de concellos de 8.001 a 10.000



	<p>habitantes: 4 puntos.</p> <p>*Entidades culturais beneficiarias de concellos de máis de 10.000 habitantes: 2 puntos.</p>
- Grao de consolidación das actividades que se levan a cabo	<p>*Actividade cunha antigüidade entre 2 e 4 anos: 2 puntos</p> <p>*Actividade cunha antigüidade entre 5 e 8 anos: 4 puntos</p> <p>*Actividade cunha antigüidade entre 9 e 12 anos: 6 puntos</p> <p>*Actividade cunha antigüidade de máis de 12 anos: 10 puntos.</p>
- Calidade e viabilidade da actividade.	<p>*Alta: 15 puntos</p> <p>*Media: 10 puntos</p> <p>*Baixa: 5 puntos</p>
- Grado de execución e xustificación dos proxectos anteriormente subvencionados á entidade beneficiaria solicitante (período dos últimos 4 anos)	<p>*Alto: 5 puntos</p> <p>*Baixo: 0 puntos</p>
-Outras axudas/subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras administracións, entes públicos ou entidades privadas para o desenvolvemento da mesma actividade.	<p>*Si se solicita/ou axuda a unha soa administración, ente público ou entidade privadas: 5 puntos</p> <p>* Si se solicitan ou solicitaron axudas a dúas ou máis administracións, entes públicos ou entidades privadas:10 puntos</p> <p>*Non se solicitan: 0 puntos</p>

\* Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor económico do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario asignado entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes valoradas (enténdase que se refire ás solicitudes admitidas e completas de acordo coas bases), respectando- en todo caso- o importe mínimo e máximo establecido nesta convocatoria.

En consecuencia a axuda a percibir será a resultante de multiplicar os puntos obtidos por cada solicitante polo valor en euros do punto, de acordo co establecido anteriormente.

No suposto de existir remanentes, repartiranse de maneira proporcional aos puntos obtidos por cada solicitante, sempre respectando os máximos e os mínimos establecidos.

Non obterán subvención, aquelas entidades/asociacións culturais solicitantes que non logren a puntuación suficiente para que multiplicada polo valor en euros do punto- de acordo co mecanismo indicado anteriormente-, teña como resultado un importe inferior aos 500 euros,

importe mínimo establecido na presente convocatoria, de acordo co Plan Estratéxico de Subvencións 2023–2025, apartado 14.1.

## 7.– IMPORTE DA SUBVENCIÓN

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
• Actividades culturais 2024.	500 €	3.000 €

- A cantidade concedida non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que cando menos o 5% da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras, de Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, acción ou comportamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais– reflectidas nestas bases– poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A Xunta de Goberno só concederá unha axuda a cada actividade para os efectos de que haxa máis dun participante na convocatoria que solicite axuda para a mesma actividade.

## 8.–SOLICITUDES: Presentación, prazos, lugar de presentación, órgano ao que se dirixe a petición e documentación a presentar:

▪ **O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles**, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

As solicitudes deben ser subscritas polos peticionarios, acompañándoas daqueles documentos requiridos para cumprir a condición de beneficiario e– no seu caso– daqueles outros que conveñan para a definición e valoración da axuda solicitada en función das finalidades establecidas nestas bases.

▪ **Lugar de presentación de solicitudes e da documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:**

A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado– asinado electrónicamente– dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal> e, dirixíndoas ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación de Lugo. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Deputación de Lugo.

Se algún dos colectivos solicitantes deste programa presentase a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

→A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

→Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro e/ou de expediente e o servizo responsable do procedemento.

No caso de que algún dos documentos que se van a presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

A documentación administrativa e técnica será revisada polo Servizo de Cultura, quen poderá realizar o requirimento que estime necesario para completar ou corrixir a documentación presentada. Así, de acordo co artigo 68., Emenda e mellora da solicitude da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 e, se for o caso, os que sinala o artigo 67 ou outros exixidos pola lexislación específica aplicable, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos da documentación administrativa presentada, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

**Nesta convocatoria, cada entidade solicitante poderá formular unha única solicitude.**

#### **Documentación a presentar:**

→ **Documentos comúns e necesarios a presentar coa solicitude son:**

**ANEXO 1: Instancia de solicitude, mediante modelo normalizado.**

- Autorización ou non do representante legal da entidade para que, se así se considera, a Deputación poida solicitar – fronte aos organismos correspondentes – os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

- Autorización ou non para recibir a través de correo electrónico comunicacións relativas a este procedemento por parte do Servizo de Cultura.
- Compromiso de incluír a imaxe corporativa da Área de Cultura da Excma. Deputación Provincial e utilizar o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade subvencionada. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento, de acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016.

**ANEXO 2, DECLARACIÓN RESPONSABLE**, mediante modelo normalizado, relativa a:

- Que a entidade solicitante non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a entidade solicitante coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen, especialmente as establecidas no apartado 3 da presente convocatoria específica e reguladora de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024.
- Que a entidade solicitante cumpre todos os requisitos e obrigas da convocatoria para poder participar na convocatoria de concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024, polo que ten a condición de beneficiaria.
- Que a entidade solicitante SI ou NON está asumindo o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE) por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Que a entidade solicitante non é debedora por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración.
  - Compromiso do cumprimento da antedita obriga durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.
- Que a entidade solicitante non ten pendente de xustificación subvencións anteriores coa Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- Que os estatutos da entidade foron presentados na anualidade \_\_\_\_\_ ante a Área de \_\_\_\_\_ da Deputación de Lugo.
- Que dende a data indicada da súa presentación estes non sufriron modificacións nin actualizacións, atopándose en vigor na actualidade.
- Que a entidade solicitante:
  - **NON** solicitou nin lle foi concedida ningunha outra subvención ou axuda doutras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.
  - **SI** ten axudas ou subvencións solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma actuación subvencionable.

- **Outros patrocinios sen achegas económicas** doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal como figura na seguinte relación detallada dos patrocinios (sen achegas económicas) obtidos para o mesmo obxecto ou actividade.
- Que a entidade solicitante se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración.
  - E que se compromete a manter o cumprimento das anteditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.

### **ANEXO 3**

- Declaración responsable de orzamento de gastos da actividade

### **ANEXO 4**

- Proxecto concreto ou memoria valorada, para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como o seu sistema de financiamento. Nesta memoria deberá aparecer obrigatoriamente a descrición da actividade: o obxecto e as características do proxecto, a súa finalidade, a orixinalidade, a xustificación da necesidade, a duración temporal, a viabilidade da inversión prevista e o orzamento estimativo de ingresos e gastos desglosados por conceptos.

### **ANEXO 5**

- Solicitud de autorización previa para a subcontratación, total ou parcial, con persoas ou entidades vinculadas coa entidade beneficiaria.

→ Os documentos (anexo 1, anexo 2, anexo 3, anexo 4 e 5) deberán estar asinados electrónicamente.

### **OUTRA DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

- Copia do documento nacional de identidade do representante legal da entidade.
- Copia do NIF da entidade.
- Estatutos da entidade, inscritos no rexistro correspondente, e sempre que estes non foran presentados na entidade con anterioridade e sufriran modificacións. Neste caso deberán ser presentados novamente coa solicitude.
- Calquera outro documento que se considere necesario para permitir unha mellor valoración da subvención solicitada.

## 9.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro do 2024.

## 10.- ACORDOS DE CONCESIÓN E COMUNICACIÓN/NOTIFICACIÓNS

### - Acordo de concesión provisional:

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de concesión provisional, motivada, á Xunta de Goberno da Deputación na que se expresará o solicitantes ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como - de ser o caso- a desestimación do resto das solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de concesión provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP para a presentación de alegacións. Así mesmo, o citado acordo publicarase na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### - Acordo de concesión definitiva:

1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de concesión definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instrutor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. Así mesmo, o citado acordo publicarase na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

De acordo ao previsto no artigo 22 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación de Lugo, no caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial a renuncia á referida concesión, no prazo máximo de cinco días hábiles a partir da publicación do anuncio ou do acordo de concesión definitiva no BOP, entenderase que aceptan a subvención.

O **acordo** de concesión definitiva ou a denegación das subvencións aos beneficiarios pon fin á vía administrativa polo que **contra o mesmo** cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación **do referido acordo** no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación **do referido acordo** no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo.

4. Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido devandito prazo non recaese resolución expresa, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obrigaón de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio, de conformidade co preceptuado polo artigo 24.3. b) da Lei 39/2015.

## 11. – XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario é polo que unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada.

→Os anexos estarán dispoñibles na páxina web da Deputación de Lugo, debendo asinalos electrónicamente.

En aplicación do artigo 31. Modalidades de xustificación, da ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Lugo (BOP núm. 09 de 11-01-2024), e tendo en conta os importes máximos de subvención a conceder previstos nas presentes bases, a xustificación efectuarase na forma de conta xustificativa simplificada, que deberá conter, como mínimo, a seguinte documentación xustificativa que deberá ser remitida ao Servizo de Cultura:

### **Anexo 1: Instancia conta xustificativa**

**Anexo 2: Memoria de actuación xustificativa** (conta xustificativa) sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, a súa duración e o nivel de logros acadados.

Memoria económica xustificativa que indicará:

- Declaración do custo total da actividade subvencionada
- Cadro de importes de financiamento
- Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida (se fose o caso)

### **Anexo 3: Declaración responsable relativa a :**

I. Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

II. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

III. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

IV. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

V. Autorización ou non do representante legal da entidade para que, se así se considera, a Deputación poda solicitar o certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes.

VI. Que o beneficiario ao que represento:

– **asumiu** o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

– **non asumiu** o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VII. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VIII. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

IX. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

**Anexo 4: Declaración responsable da relación clasificada de gastos e da imputación de gastos** da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acreedor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida. No caso de relacionarse nóminas deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, seguridade social e IRPF.



## OUTRA DOCUMENTACIÓN

• **Facturas ou documentos de valor probatorio** equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de pago), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

– Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

– Do resto de xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

– Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10% do importe da subvención concedida.

– Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5% do importe da subvención concedida.

– Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2% do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

• **Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores:**

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Lei 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo deberá constar na mesma a expresión “*Recibín en efectivo en data .....*”, asinado polo receptor con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas imputadas á Deputación de Lugo.

Respecto do contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Aplicarase a normativa vixente en cada momento.

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

- Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € –sen IVE– en servizos e subministracións).

- **Documento emitido pola entidade bancaria**, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

**No suposto de subcontratación con entidades vinculadas, a acreditación do custo realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario/a.**

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

As xustificacións de aboamento das subvencións remitiranse ao Servizo de Cultura.

## **12.– PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN**

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario/a, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, o prazo **rematará o 31 de marzo de 2025.**

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que

o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos –a través da sede electrónica da Deputación–.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen que achegase a conta xustificativa, requirirase ao beneficiario/a para que a presente no prazo improrrogable de quince días hábiles. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

### **13.– REDUCIÓN**

Unha vez recibida a conta xustificativa a área de xestión competente revisará a documentación presentada polos beneficiarios comprobando o cumprimento das condicións que motivaron a resolución da concesión da subvención.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase á redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5 %, si do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5 % esixido.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

### **14.– A RENUNCIA**

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

### **15.–PLAN DE AUDITORÍA**

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1.– Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2.– Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
- 3.– Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

## **16.- SUPOSTOS DE REINTEGRO**

Estarase ao disposto nos artigos 41 a 43 da Lei Xeral de Subvencións, desenvolto polos artigos 94 e 95 do RLXS e, en calquera caso, ao disposto na normativa concordante vixente en cada momento.

## **17.- MODIFICACIÓN E VIXENCIA DAS BASES**

As presentes bases poden ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno sempre que as mesmas estean vixentes.

A vixencia da bases comezará no momento da publicación do extracto da convocatoria no BOP, con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2024, e manterá a súa vixencia ata a aprobación das contas xustificativas e o seu aboamento que, salvo prórrogas expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobadas as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro de 2025.

## **18.- RÉXIME DE RECURSOS**

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

## **19.- OUTRAS DISPOSICIÓNS**

No non previsto nesta CONVOCATORIA estarase ao disposto en:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 29/ 1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa
- A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 26 de setembro de 2023, (BOP núm. 09 de 11 de xaneiro de 2024).

- O Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo.
- Bases de execución do orzamento vixente e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

## **20.- OUTRAS DETERMINACIÓNS**

- Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo (PLAN PLURIANUAL 2023-2025). Actualización para o ano 2024 desta entidade, mediante o ANEXO I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 12 de xaneiro de 2024.